7- En base aos datos cartográficos que se puideron observar, a edificación sempre dispuxo dun acceso á mesma. Este acceso é coincidente co vial público sinalado nos planos correspondentes da PXOM actualmente vixente. Aínda que o estado do vial, tanto desde o punto de vista de conservación do pavimento como da súa anchura, non é o óptimo desexable; tendo en conta a escaseza de recursos dos que dispón un municipio como o de Ponteceso, iso non quere dicir que non deixa de ser similar e comparable a outras rúas pertencentes á malla urbana do núcleo de carácter mariñeiro de Corme-Porto. Á xuízo do técnico informante pódese afirmar que o único acceso ao citado inmovible sempre se realizou a través do vial sinalado no catastro e no PXOM; tendo en conta de que non hai vestixios nin posibilidades fidedignos de acceder doutra banda, tal e como se pode comprobar en base á cartografía, á realidade das fincas lindeiras e á documentación fotográfica existente.

8- **O anexo ou edificación complementaria de 12,00 m2 sita ao oeste da parcela é de nova construción, superando as condicións de volume, altura e ocupación da parcela edificada; sendo unha construción executada con posterioridade á data de aprobación do PXOM. As obras carecen de título habilitante de natureza urbanística e non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.**

Quinto.- As persoas responsables das obras:
Promotores: D. Ramón Pasandín Regueira e Dona. Montserrat Oreiro Fuentes.
Construtor: Barca - Domínguez, S.L.
Arquitectos: D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Arquitecto Técnico: D. Indalecio José Armán Barcia.

Sexto.- A edificación principal esta sendo habitada, aínda que as obras están paralizadas e sen rematar.

Sétimo.- Se adxunta a este informe, reportaxe fotográfico do estado orixinal da vivenda, das obras de reforma, das obras de ampliación e do estado actual das construcións.

Conclusións:

A licenza urbanística non se axusta ao Ordenamento Urbanístico vixente no momento en que se solicitou, incumprindo as obras executadas as determinacións da Ordenanza específica de aplicación SU-3b, Edificación agrupada. Rueiro Tradicional. Artigo 6.2.3 do PXOM, reflectidas nos puntos 3ero e 4to do presente informe técnico.

Así pois, procede iniciar a revisión de oficio da licenza, de conformidade ao art. 154. Suspensión e revisión de licenzas da LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e conseguintemente, a suspensión inmediata das obras iniciadas ao seu abeiro, segundo o art. 108 da LEI 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que iniciado o procedemento de revisión de oficio ao que se refiren os artigos 106 e 107, o órgano competente para declarar a nulidade ou lesividade, poderá suspender a execución do acto, cando esta puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.”

O 29.10.2024 Miguel Fernández Saavedra en representación de Angel Santiago Suárez Baneira formula nova denuncia urbanística requirindo o incio do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Logo de ver o informe xurídico da secretaria municipal do 11.11.2024 no que “ conclúe que a proposta a someter ao Consello Consultivo de Galicia será a declaración de nulidade de pleno dereito, ao concorrer a causa prevista no art. 47.1 f) da LPAC, da licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno local do 26.12.2016 a D. Ramón Pasandín Regueira para Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na Rúa dos Condes, segundo o recollido no Proxecto Básico redactado polos Arquitectos D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva, visado polo correspondente Colexio Oficial o 26/10/2016, tendo en conta os criterios técnicos establecidos no informe técnico do 27.05.2024.

Procede igualmente suspender inmediatamente ás obras e os usos de conformidade co artigo 154 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 108 da LPAC.”

Considerando o establecido nos artigos 154 da LSG , 385 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro , polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, así como o establecido o na Lei 39/2015 de Procedemento administrativo común.

Tendo en conta a sentenza do 13.12.2022 (Recurso 4472/2020):do Tribunal Supremo pronuncouse sobre esta cuestión en casación para a unificación da doutrina establecendo que o “órgano competente para conocer de las revisiones de actos nulos de pleno derecho de los Presidentes de las Corporaciones Locales de régimen común es el Pleno del Ayuntamiento.”

Propoño resolver, previo ditame da Comisión Informativa:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Primeiro. Incoar o expediente de revisión de oficio conforme o informe técnico de 27.05.2024 e o informe da secretaria municipal.

Segundo . Acordar a suspensión inmediata das obras e usos conforme o artigo 154 da LSG e 108 da LPAC

Terceiro: Dar un prazo de audiencia de 15 días hábiles aos interesados para que presenten as reclamacións e alegacións oportunas.

No caso de non presentarse alegacións remitir a Consello Consultivo de Galicia a proposta da declaración de nulidade da licenza conforme informe da secretaria municipal do 11.11.2024, ao concorrer a causa prevista no art. 47.1 f) da LPAC, da licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno local do 26.12.2016 a D. Ramón Pasandín Regueira para Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na Rúa dos Condes, segundo o recollido no Proxecto Básico redactado polos Arquitectos D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva, visado polo correspondente Colexio Oficial o 26/10/2016, tendo en conta os criterios técnicos establecidos no informe técnico do 27.05.2024.

Cuarto. Notificar aos interesados

O Alcalde/ Jose Manuel Mato Martínez”

O presidente abre o debate.

O voceiro do PSOE, quere que conste en acta que van votar en contra, dado que votar a favor do inicio deste expediente pode xerar Responsabilidade patrimonial, dado que a licenza concedida é conforme a dereito,

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000015 e identificado pola pegada dixital:
28d43fa23787a4d88cc29c0c0740694a948168ec8b4536faec460e9aa9b11843

Non houbo máis debate.

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou favorable na sesión do 15 de novembro de 2024.

O presidente somete o ditame coa emenda a votación.

O Concello Pleno aproba o ditame por sete votos a favor (sete: 4 do PP, 2 do PG, 1 de AxP), dous votos do PSdeG-PSOE en contra e 2 abstención de APIN-ESCO e o concelleiro Nuñel Costa

2 Parte de control e de fiscalización

2.1 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, dende a núm. 762/2024, do 27 de setembro, ata a núm. 985/2024 do 15 de novembro

As concelleiras e os concelleiros que están presentes quedaron informados das Resolucións da



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Alcaldía, dende a núm. 762/2024, do 27 de setembro, ata a núm. 985/2024, do 15 de novembro.

2.2 Dación de conta do período medio de pago e morosidade : expd 2024/X999/000383 e 2024/X999/000384

As concelleiras e os concelleiros que están presentes quedaron informados do período medio de pago e morosidade (Expte 2024/X999/000383 e Expte 2024/X999/000384.

2.3 Mocións non resolutivas

2.3.1 Moción presentada por Adiante por Ponteceso para modificación da Ordenanza fiscal núm. 13 que regula a taxa de prestación do servizo público de subministración de auga potable a domicilio

O voceiro de AxP le a moción.

“PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ADIANTE POR PONTECESO (AXP) PARA A MODIFICACIÓN URGENTE DA ORDENANZA FISCAL N.º 13 QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.

O Grupo Municipal Adiante por Ponteceso (AXP), conforme o previsto no artigo 53 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ponteceso, desea elevar a seguinte proposición para o seu debate no Pleno:

PARTE EXPOSITIVA

Primero. A ordenanza fiscal número 13, reguladora da taxa pola prestación do servizo público de subministración de auga potable a domicilio regula dúas cotas tributarias para a subministración de auga potable a domicilio. Esta cota tributaria divídese en dúas tarifas, unha para abonados domésticos e outra para abonados industriais, con uns límites de consumo mínimo de 12,5 m3/mes para os abonados domésticos e un consumo mínimo de 31 m3/mes para os abonados industriais.

Segundo. Esta normativa, disposta polo Goberno do PP no ano 2002 e conservada primeiro polo tripartito PSOE, BNG, APILA e posteriormente polo goberno socialista do Sr. García Carballido, a diferenza de outros concellos non recolle tanto para os abonados domésticos como industriais unha táboa progresiva de importes mensuais fixos en virtude do caudal nominal do contador instalado. Isto provoca, por exemplo, que os locais comerciais, sexan tratados non só como abonados industriais, senón que son tratados como se foran grandes industrias, gravando unha tarifa excesiva, abusiva, restritiva cos negocios e disparatada tendo en conta a situación ou dificultades actuais que se lle poden presentar a pequenas empresas e autónomos en municipios como o noso.

Os locais comerciais do Concello de Ponteceso, son gravados cunha tarifa trimestral aproximada de 110 euros, sen incluír o consumo, esta contía xa chama a atención por si mesma, cando a maioría dos locais comerciais conta cun lavado cuxo uso é puntual e cuxo volumen de consumo de auga é mínimo, ou cando menos moi inferior ao dunha vivenda que estaría pagando trimestralmente de media 60 euros.

Terceiro: Adiante por Ponteceso considera que esta normativa é gravosa e discriminatoria para os autónomos e pequenas empresas do Concello que fan unha actividade comercial, polo que consideramos a urxencia de efectuar unha modificación da ordenanza actual que remate



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

con esta medida discriminatoria e alivie o peso económico que sofren na actualidade e que está a provocar durante estes anos o cerre de moitos negocios no noso concello.
É por iso, que o Grupo municipal Adiante por Ponteceso (AXP) somete ao pleno a seguinte:

PROPOSICIÓN:

Que o Concello de Ponteceso proceda a con carácter urgente a :

Modificación da ordenanza fiscal n.º 13 que regula a taxa pola prestación do servizo público de subministración de auga potable a domicilio co fin de que evitar que os locais comerciais do concello sufran unha tarifa do servizo de auga excesiva, abusiva, disparatada e discriminatoria.

En Ponteceso a 25/10/2024/ Fdo: Roberto Andrade/ Voceiro de Adiante por Ponteceso (AXP)”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000015 e identificado pola pegada dixital:
28d43fa23787a4d88cc29c0c0740694a948168ec8b4536faec460e9aa9b11843

O presidente somete a moción a votación.

O Pleno do Concello aproba a moción por oito votos a favor (oito: 4 do PP, 2 do PG, 1 de AxP e 1 do PSdeG-PSOE (Nuñel Costa), 2 votos do PSdeG-PSOE en contra e 1 abstención de APIN-ESCO.

O presidente di que o grupo municipal PSdeG-PSOE presentou no Rexistro de Entrada tres mocións e que é preciso votar a urxencia para poder tratalas.

O presidente somete a votación a urxencia das mocións que presentou o grupo socialista.

O Pleno do Concello aproba a urxencia e, polo tanto, tratalas e debatelas, por 8 votos a favor(oito: 4 do PP, 3 do PSdeG, e 1 de APIN-ESCO) e tres abstencións do PG e AxP.

2.3.2 Moción presentada polo PSdeG-PSOE para ratificar o compromiso deste Concello coa loita contra todas as expresións da violencia machista e implicarse na creación de Puntos Violeta

O voceiro do PSdeG-PSOE le a moción.

“O Grupo Municipal dos Socialistas de Ponteceso de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O 25 de novembro conmemórase o día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.

Como cada 25 de novembro, volvemos a manifestar o noso constante compromiso para a erradicación da violencia contra as mulleres.

No que levamos de 2024, en España 40 mulleres foron asasinadas por violencia de xénero, 1.284 mulleres desde o ano 2003

Segundo a macroenquisa de violencia contra a muller de 2019, o 14,2% das mulleres españolas (2.905.489 mulleres) sufriu violencia física e/o sexual dalgunha parella, actual ou pasada, nalgún momento da súa vida. O 1,8% (374.175 mulleres) sufriu violencia física e/o sexual dalgunha parella, actual ou pasada, nos últimos 12 meses. E unha de cada dúas mulleres sufriu algún tipo de violencia machista ao longo da súa vida.

O ano 2024 déixanos en Galicia a terrible cifra de 4 mulleres asasinadas vítimas de violencia de xénero e unha media de 19 denuncias ao día. Segundo o recente informe presentado no Parlamento polo Fiscal Superior de

Galicia, os procedementos por violencia de xénero incoados por fiscalía aumentaron casi un 13% en Galicia no ano 2023. As ordes de protección e as medidas cautelares solicitadas tamén se incrementaron nun 2,5 %, de forma que en Galicia hai 5.668 casos activos no sistema VioGén do Ministerio de Interior, o mecanismo de seguimento integral das vítimas.

Unhas cifras terribles e incompatibles coa democracia e que agochan tras de si as vidas truncadas de mulleres, dos seus fillos e fillas, das súas familias e amizades.

A violencia machista é a representación máis extrema da desigualdade que existe entre homes e mulleres. Unha violencia estrutural que supón un atentado contra os dereitos humanos que se sucede en todos os países do mundo. A día de hoxe, non existe ningunha sociedade no mundo libre de violencia contra as mulleres.

Este 28 de decembro de 2024, España celebrará 20 anos desde a aprobación da Lei Integral de Loita Contra a Violencia de Xénero. Unha lei que marcou e consolidou un cambio de paradigma respecto a violencia de xénero ao considerala, de maneira formal, unha cuestión de Estado.

Non nos podemos esquecer que durante moitos anos a violencia de xénero enmarcouse dentro da esfera privada. Un espazo que pertencía ao ámbito privado das familias e no que se rexeitaba calquera intervención dos poderes públicos. Como consecuencia, a violencia de xénero foi invisibilizada e silenciada durante moito tempo, atrapando nos ciclos de violencia machista a miles e miles de mulleres.

A loita por converter á violencia de xénero nun problema social e de Estado foi ardua e extensa. Unha loita na que as asociacións feministas desempeñaron un papel fundamental ata que a Lei Integral de Violencia de Xénero se fixo realidade. Debemos lembrar que a Lei Integral foi unha reivindicación histórica do movemento feminista. Supuxo a mobilización de todos os recursos públicos, non só a elaboración de leis específicas, senón tamén, a dotación orzamentaria e a inclusión de todos os niveis da Administración Pública, xa sexa estatal, autonómico e local.

Pasaron vinte anos e neste tempo de vixencia desenvolveuse ao cento por cento, corrixióronse fallos e mellorouse, ademais complementouse coa aprobación da Lei de mellora da situación de orfandade das fillas e fillos de vítimas de violencia de xénero e a aprobación do Pacto



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

de Estado, outro dos grandes fitos de loita contra a violencia de xénero e que este ano debe ser renovado.

Sen dúbida este Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero é clave para o avance na erradicación da violencia de xénero, foi aprobado en decembro de 2017 e o seu éxito radica en que foi ratificado por distintos Grupos Parlamentarios, Goberno, Comunidades Autónomas, Cidades de Ceuta e Melilla (CCAA) e as entidades locais representadas na Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

Reivindicamos neste 25 de novembro a pronta renovación do Pacto de Estado, niso estase traballando desde o goberno de España e na Comisión do Congreso creada para ese efecto, e queremos que sexa por consenso de todos os partidos políticos e institucións.

Nesta renovación debemos prestar especial atención ás mulleres do ámbito rural, onde a violencia machista está máis silenciada e invisibilizada, ás mulleres con algunha discapacidade, as mulleres maiores, e outros colectivos de mulleres en situación de maior vulnerabilidade ante a violencia.

Non podemos saber cantas mulleres contribuíu a protexer a Lei integral, pero hainas, moitas. Do mesmo xeito que hoxe as vítimas non están soas e teñen multitude de recursos para acompañalas e saír da espiral da violencia. Por todas elas, nin un paso atrás.

A pesares de que cada vez son máis os recursos destinados a loitar contra a violencia machista e a protexer as mulleres vítimas, non podemos obviar que algo está a fallar. A violencia machista constitúe hoxe o principal obstáculo para sermos unha sociedade plenamente democrática e os gobernos de todas as administracións deberían situar esta preocupación nun lugar prioritario das súas axendas políticas. O Convenio de Estambul entende a “violencia contra as mulleres” como unha violación dos dereitos humanos e unha forma de discriminación contra as mulleres, e engloba todos os actos de violencia baseados no xénero que implican ou poden implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar os devanditos actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, na vida pública ou privada.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, considera formas de violencia de xénero a violencia física, psicolóxica e económica; violencia, abuso e acoso sexual; a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual; a violencia vicaria exercida utilizando aos/ás menores; violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra

a muller; a explotación sexual; e calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou liberdade das mulleres.

As e os socialistas entendemos que é urxente que dende a Administración autonómica se poñan a traballar en 3 fronteas fundamentais co fin de acadar un marco global de protección e asistencia a todas as vítimas de violencia contra as mulleres:

a) A prevención, a través da educación regrada, mediante a ensinanza de temas como a igualdade entre mulleres e homes, os papeis non estereotipados por razón de xénero, o respecto mutuo, a solución non violenta de conflitos nas relacións interpersoais, a violencia machista contra as mulleres, o dereito á integridade persoal, violencia sexual, pornografía, prostitución... adaptando estes contidos á fase de desenvolvemento do alumnado.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

b) A sensibilización e a información tratando as necesidades específicas das persoas que sexan potencialmente vulnerables debido a circunstancias particulares, para que a sociedade se implique na loita contra a violencia machista e para que as vítimas coñezan os recursos cos que contan

c) A protección e apoio asistencial ás vítimas de violencia machista a través dunha coordinación axeitada que permita responder ás necesidades específicas da muller que dá o paso de denunciar. Conscientes desta necesidade, dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos que o Goberno galego desenvolva diferentes medidas que contribúan, baixo un enfoque integrado e integral, eliminar a violencia contra as mulleres e a protexelas.

Conscientes desta necesidade, dende o PSdeG-PSOE solicitamos que o Goberno galego desenvolva diferentes medidas que contribúan, baixo un enfoque integrado e integral, a eliminar a violencia contra as mulleres e a protexelas.

Quedan moitas cousas por facer, non é fácil o camiño, pero nunca nos sairemos del. Por todas as mulleres, as vivas e as asasinadas.

Os concellos temos unha responsabilidade e a obrigaón de velar pola seguridade e os dereitos dos seus cidadáns e cidadás, garantir contornas libres de violencia, así como protexer ás vítimas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de
presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes **ACORDOS**:

1. Ratificar o compromiso deste Concello coa loita contra todas as expresións da violencia machista e implicarse na creación de Puntos Violeta: O acordo incluírá como primeira medida de xeito urxente a creación e sinalización de puntos violeta en Policía Local, Protección Civil, Centro de Saúde, Servizos Sociais, todas as carpas e stands do Concello en eventos locais, Actividades e talleres promovidos polo Concello.
2. Poñer en marcha e apoiar iniciativas de educación en igualdade e prevención da violencia contra as mulleres, poñendo unha atención especial na infancia, adolescencia e mocidade.
3. Realizar campañas de sensibilización e información, dirixidas aos diferentes sectores de poboación, co fin de contrarrestar as mensaxes negacionistas e incrementar a concienciación e comprensión pola cidadanía das distintas manifestacións das formas de violencia contra as mulleres.
4. Instar a todos os Partidos políticos a redobrar os esforzos para que a renovación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero no Congreso dos deputados, sexa unha realidade este mesmo ano 2024.
5. Colaborar co tecido asociativo que traballa pola igualdade e a loita contra a violencia machista.
6. Adherirse ao “Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTI fóbricas nos espazos de lecer nocturno” da Xunta de Galicia.

- Instar á Xunta de Galicia a:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

1. Incluir a educación afectivo-sexual nos proxectos curriculares dos centros de ensinanza obrigatoria a partir do vindeiro curso 2025/2026.
2. Planificar e establecer un programa específico de formación ao profesorado para garantir e impulsar a partir do vindeiro curso 2025/2026 actividades e recursos formativos en materia afectivo sexual, en primaria e E.S.O, en todos os centros públicos da comunidade."

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000015 e identificado pola pegada dixital:
28d43fa23787a4d88cc29c0c0740694a948168ec8b4536faec460e9aa9b11843

O presidente somete a moción a votación.

O Pleno do Concello aproba a moción coa emenda por unanimidade de votos a favor (once: 4 do PP, 3 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP e 1 de APIN-ESCO).

O acordo da moción coa emenda é o seguinte:

1. Ratificar o compromiso deste Concello coa loita contra todas as expresións da violencia machista e implicarse na creación de Puntos Violeta: O acordo incluírá como primeira medida de xeito urxente a creación e sinalización de puntos violeta en Policía Local, Protección Civil, Centro de Saúde, Servizos Socais, todas as carpas e stands do Concello en eventos locais, Actividades e talleres promovidos polo Concello.
2. Poñer en marcha e apoiar iniciativas de educación en igualdade e prevención da violencia contra as mulleres, poñendo unha atención especial na infancia, adolescencia e mocidade.
3. Realizar campañas de sensibilización e información, dirixidas aos diferentes sectores de poboación, co fin de contrarrestar as mensaxes negacionistas e incrementar a concienciación e comprensión pola cidadanía das distintas manifestacións das formas de violencia contra as mulleres.
4. Instar a todos os Partidos políticos a redobrar os esforzos para que a renovación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero no Congreso dos deputados, sexa unha realidade este mesmo ano 2024.
5. Colaborar co tecido asociativo que traballa pola igualdade e a loita contra a violencia machista.
6. Adherirse ao "Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTI fóbricas nos espazos de lecer nocturno" da Xunta de Galicia.

• Instar ao Goberno Central e á Xunta de Galicia a:

1. Incluir a educación afectivo-sexual nos proxectos curriculares dos centros de ensinanza obrigatoria a partir do vindeiro curso 2025/2026.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

2. Planificar e establecer un programa específico de formación ao profesorado para garantir e impulsar a partir do vindeiro curso 2025/2026 actividades e recursos formativos en materia afectivo sexual, en primaria e E.S.O, en todos os centros públicos da comunidade.

2.3.3 Moción presentada polo PSdeG-PSOE para instar ao Goberno da Xunta a incluír nos orzamentos de 2025 investimentos no concello de Ponteceso

O voceiro do PSdeG-PSOE le a moción.

“Moción que presenta o grupo municipal socialista no Concello de Ponteceso para a súa consideración, debate e posterior aprobación polo pleno, con motivo dos orzamentos da xunta 2025

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PSDEG PSOE de Ponteceso propón darlle a volta á débeda histórica da Xunta con Ponteceso buscando o apoio do Pleno para pedir 5.1 millóns de euros no orzamento 2025.

O PSDEG PSOE galego a instancias de PSOE de Ponteceso, ven de presentar estas propostas como emendas ao orzamento 2025 da Xunta de Galicia por importe deses 5.100.000 euros.

Trátase de falar no pleno do desenvolvemento do noso concello, no eido económico e social en liña cos asuntos que lles importan aos veciños e vecinas..

Por elo, desde o Grupo Socialista solicitamos aos demais Grupos municipais, o apoio aos seguintes

ACORDOS:

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a incluír nos orzamentos 2025 os seguintes investimentos:

1. Proxecto de saneamento integral da parroquia de de Anllóns. 500.000€
2. Proxecto de sendas de Pazos de abaixo ate a Bugalleira con ervizos. 450.000€
3. Proxecto de sendas, con servizos, de Pazos de arriba dirección Buño. 650.000€
4. Obras de adecuación dos cent ros educativos de Ponteceso ao plan de nova arquitectura pedagóxica. 1.500.000 €.
- 5 Proxecto de ampliación do parque empresarial de Tella. Xestur. 500.000 €.
- 6 Plan de compra e rehabilitación de vivendas para vivenda habitual no casco vello de Corme. 500.000 €.
7. Proxecto de novos pantalàns no Porto de de Corme 1.000.000€ .

SR/SRA. ALCALDE-PRESIDENTE/ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO CONCELLO DE PONTECESO”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000015 e identificado pola pegada dixital:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

28d43fa23787a4d88cc29c0c0740694a948168ec8b4536faec460e9aa9b11843

O presidente somete a moción a votación.

O Pleno do Concello rexeita a moción por catro votos a favor (catro: 3 do PSdeG-PSOE e 1 do APIN-ESCO), 4 votos do PP en contra e o voto de calidade do presidente e tres abstencións (tres: 2 do PG e 1 de AxP).

2.3.4 Moción presentada polo PSdeG-PSOE con motivo da suba do cánon que os concellos abonan a Sogama pola xestión dos seus residuos

O voceiro do PSdeG-PSOE le a moción.

“Moción que presenta o grupo municipal socialista no Concello de Ponteceso para a súa consideración, debate e posterior aprobación polo pleno, con motivo da suba do cánon que os concellos abonan a sogama pola xestión dos seus residuos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros así coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.

Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.

Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas das súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

No pasado mes de Xuño de 2024 SOGAMA anunciou a eliminación desta bonificación do cánon para os meses que quedan de 2024.

A consecuencia disto dende o mes de Xullo a taxa de SOGAMA aos Concellos quedou fixada en **66 euros por tonelada** suprimindo ademais a rebaixa do 15 % da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón.

Esta cantidade de 66 € calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano.

A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.

Neste momento o goberno galego está a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 €, o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e en consecuencia tamén no recibo da veciñanza.

O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na Lei 7/22, de 8 de abril, de Residuos y suelos contaminados que provoca uns sobrecostos imposibles de asumir,



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

botando a culpa disto ao goberno de España.

A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europea do ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).

Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por non ter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.

Pero a pesar desta carga impositiva (cuxa recadación está transferida á Xunta de Galicia) nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.

A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.

Dende o grupo municipal socialista denunciámos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.

E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do cánon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levar a cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.

Dende o grupo socialista mostramos a nosa oposición a esta decisión por entender que existen outros mecanismos que evitarían os sobrecustos que unha xestión obsoleta está a producir e a vía para asumilos non pode ser repercutilos na cidadanía.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de PONTECESO presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Ponteceso insta á Xunta de Galicia a:

1. Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.
2. Manter a anterior bonificación do 15 % deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.
3. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.
2. Que achegue a SOGAMA a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- a. Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros.
 - b. Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.
 - c. Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.
3. Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.
4. Que se constituía unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.
5. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade.

SR/SRA. ALCALDE-PRESIDENTE/ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO CONCELLO DE PONTECESO”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000015 e identificado pola pegada dixital:
28d43fa23787a4d88cc29c0c0740694a948168ec8b4536faec460e9aa9b11843

O presidente somete a moción a votación.

O Pleno do Concello rexeita a moción por catro votos a favor (catro: 3 do PSdeG-PSOE e 1 do APIN-ESCO), 4 votos do PP en contra e o voto de calidade do presidente e tres abstencións (tres: 2 do PG e 1 de AxP).

2.4 Pregos e preguntas

2.4.1 O voceiro de APIN-ESCO pregunta cales son as competencias dos alcaldes de barrio e se vai haber nas reunións persoal do Concello para redactar as actas. Tamén pregunta se o Concello vai ir recoller os plásticos que deixaron no lugar onde fixeron a limpeza pola estrada que vai a Malpica. Tamén pregunta polos gastos dos anteriores meses do camián da recollida de lixo, tanto no amaño e no alquiler

As intervencións contestando a estas preguntas están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000015 e identificado pola pegada dixital:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

28d43fa23787a4d88cc29c0c0740694a948168ec8b4536faec460e9aa9b11843

2.4. 2 O voceiro de AxP prega que se poña en contacto coa empresa adxudicataria da obra de Limiñoa para saber cando van empezar.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000015 e identificado pola pegada dixital:
28d43fa23787a4d88cc29c0c0740694a948168ec8b4536faec460e9aa9b11843

2.4.3 Por parte do voceiro do PSOE, fórmulanse os seguintes PREGOS:

1Posta en marcha dun plan para a licitación en procedemento aberto dos servizos con contrato vencido ou sen contrato, ou daquelas contratacións que son recurrentes.

2.-Toda vez que teñen no seu poder un proxecto de renovación de todo o alumeado municipal, adxudicado por procedemento aberto para o investimento de 2 millóns de euros do IDAE, que o usen e busquen financiamento para poñelo en marcha de forma urxente, polos graves problemas que está a xerar o alumeado que acende a deshora, ten problemas de seguridade, consume moitos recursos e xera numerosas protestas por exemplo na rúa Real de Corme, que está case a escuras.

3.-Atenda a todas as solicitudes que lle fixemos na proposta de Pleno Extraordinario e que vostede decidiu non celebrar, atendendo a necesidades das parroquias do Concello.

1. Convocatoria dunha nova edición da ruta cicloturista de Corme Porto e Corme Aldea e San Hadrián e ao Faro Roncudo.
2. Recuperación do cine de verán que había antes da pandemia.
3. Recuperación da actividade de volei praia.
4. Ampliación a dous meses de verán na praia do Osmo do programa de kaiak e pádel surf, e inicio do programa no río Anllóns o resto do ano.
5. Execución das obras das dúas fases do abastecemento en Langueirón.
6. Execución urxente das obras de reparación pendentes nos viais.
7. Presentación pública dos resultados da auditoría enerxética e publicación na páxina web do Concello.
8. Convocatoria das axudas previstas no orzamento 2024 para comisións de festas, clubs e asociacións.

Formula as seguintes preguntas

1.- Cando van poñer en marcha as nosas mocións aprobadas en Pleno para dotar un solo público para a construción dunha residencia de maiores toda vez que hai maiores de Ponteceso que se ven obrigados non so a marchar do seu Concello senón a pagar máis de 2.000 euros mes por unha residencia privada, tamén a nosa moción para que se poida expedir a tarxeta de transporte nas oficinas de abanca de Corme e Ponteceso ?

2.-Cando vai o Alcalde poñer a disposición do instituto galego de vivenda e solo todos os edificios municipais e solares sen uso para a construción de vivenda de protección pública en Ponteceso, facendo unha campaña para que a xente se poida anotar no rexistro de demandantes?.

3.-Cando vai abordar a Relación de Postos de Traballo para que non se siga a producir a discriminación de traballadores e traballadoras municipais que non están a cobrar pluses nin complementos a dedo, a pesar de que subiu o gasto en máis de 330.000 euros no ano 2024?



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Os rogos foron atendidos e as preguntas respostadas e están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000015 e identificado pola pegada dixital:

28d43fa23787a4d88cc29c0c0740694a948168ec8b4536faec460e9aa9b11843

Non hai máis asuntos.

O presidente remata a sesión ás 23:22 h e eu redacto esta acta como secretaria.

*Documento firmado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.